

## **INSTRUCCIÓN DE 25 DE OUTUBRO DE 2021 DA VICERREITORÍA DE PROFESORADO SOBRE PLANIFICACIÓN DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR RELATIVAS AO CURSO ACADÉMICO 2022/2023**

A planificación de actuacións en materia de PDI para o curso 2022/2023 debe inscribirse no marco definido polo Plan Plurianual de Profesorado 2019-2022, aprobado por Consello de Goberno celebrado o día 29 de marzo de 2019. No dito Plan prevese o desenvolvemento durante o seu período de vixencia dunha serie de accións encamiñadas a garantir para as áreas de coñecemento a suficiencia de recursos humanos para atender as súas obrigas docentes e investigadoras, así como a posibilitar a estabilización de profesorado con contratos temporais e a promoción do profesorado acreditado. Ademais, neste documento detállanse a fórmula para realizar o cálculo de necesidades e os criterios que se utilizarán para a ordenación das propostas de estabilización e de promoción. En calquera caso, para garantir a viabilidade económica destas actuacións, estas deberán axeitarse ás previsións orzamentarias e aos compromisos asumidos en materia de equilibrio económico-financeiro, que prevén unha contención da contratación temporal.

Por outra banda, resulta necesario tamén que os Departamentos poidan coñecer canto antes os recursos con que van contar co fin de que as áreas de coñecemento poidan elaborar e achegar unha proposta realista de POD. Neste sentido, o elevado número de xubilacións non forzosas que se vén rexistrando nos últimos anos, unido ao feito de que moitas delas non sexan coñecidas no momento de aprobar a Planificación, aconsella desenvolver as actuacións, especialmente aquelas encamiñadas á incorporación de novo profesorado, en dúas fases: unha primeira que teña en conta as xubilacións forzosas e as baixas coñecidas no primeiro semestre do curso, e unha segunda, de carácter complementario, na que se tomen en consideración o total das baixas producidas ao longo do curso.

En consecuencia, co obxecto de que os Departamentos poidan formular as peticións en materia de PDI relativas ás actuacións que se sinalan a seguir, dítase a presente instrución e ábrese un prazo de presentación de solicitudes ata o día **26 de novembro de 2021**, que rexe para todas as actuacións que se indican a seguir, agás para aquelas que, segundo se indica, serán obxecto de convocatorias específicas.

### **1. PRAZAS DERIVADAS DA PLANIFICACIÓN ANUAL E DA PROMOCION PROFESIONAL**

Co fin de poder asignar os recursos dispoñibles para o exercicio de 2022 contemplados no Plan Plurianual de Profesorado, é preciso que os Departamentos fagan chegar a esta Vicerreitoría as súas peticións relativas a prazas de nova creación, así como a prazas para a estabilización do profesorado temporal e para a promoción do profesorado

acreditado. Concretamente, deberanse achegar dentro do prazo sinalado anteriormente as solicitudes correspondentes a:

- a) Prazas de profesorado axudante doutor, que se destinarán a cubrir necesidades docentes para cuxa atención as áreas de coñecemento non contan con persoal suficiente, así como a posibilitar a estabilización de profesorado interino de vacante acreditado para esta figura de profesorado. Excepcionalmente, e co obxecto de dotar as áreas de coñecemento dun cadro de persoal con vocación estrutural, poderase solicitar a creación de prazas de profesorado axudante doutor vinculadas á amortización de prazas de profesorado asociado ou interino.
- b) Prazas de profesorado asociado para atender necesidades docentes naquelas áreas de coñecemento que requiran desta figura.
- c) Prazas de profesorado contratado doutor, que se destinarán a posibilitar a estabilización ou promoción do seguinte profesorado e persoal investigador acreditado para esta figura de profesorado:
  1. Profesorado interino de vacante
  2. Profesorado axudante doutor que finaliza o seu contrato antes do 31 de decembro de 2023
  3. Persoal investigador RyC e doutros programas con certificado I3 que finaliza o seu contrato antes do 31 de decembro de 2023Excepcionalmente poderanse solicitar prazas de profesorado contratado doutor para cubrir necesidades docentes naquelas áreas de coñecemento que precisen xustificadamente recorrer a esta figura.
- d) Prazas de profesorado titular de universidade, que se destinarán a posibilitar a estabilización ou promoción do seguinte profesorado e persoal investigador acreditado para este corpo docente:
  1. Profesorado axudante doutor que finaliza o seu contrato antes do 31 de decembro de 2023
  2. Persoal investigador RyC e doutros programas con certificado I3 que finaliza o seu contrato antes do 31 de decembro de 2023
  3. Profesorado contratado doutor. As solicitudes de asignación de prazas de profesorado titular de Universidade presentadas na convocatoria de 2021 e que non obtiveron praza nela serán incluídas de oficio na Planificación 2022, agás manifestación expresa en sentido contrario por parte do Departamento.

As prazas para a promoción de profesorado titular de Universidade acreditado para o corpo de catedrático rexeranse por unha convocatoria específica, que se fará pública oportunamente. Xa que logo, os Departamentos non deben achegar neste momento as solicitudes correspondentes a estas prazas de promoción.

Para facilitar o proceso de asignación de prazas, e en particular de prazas de nova creación, solicítase aos Departamentos que adianten a esta Vicerreitoría as xubilacións non forzosas que previsiblemente se vaian producir entre os seus membros ao longo do ano 2022.

## 2. PRÓRROGAS E REPOSICIÓN DE PROFESORADO CONTRATADO

Polo que se refire ás prórrogas do profesorado con contrato temporal, os Departamentos deberán remitir á Vicerreitoría un informe sobre a procedencia da continuidade de cada unha das prazas de profesorado asociado e lector/a con que contén na actualidade. Para facilitar este labor, o Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador remitirá aos Departamentos unha relación do seu profesorado asociado e lector sobre o que se necesita informe, coa indicación dos contratos que non son susceptibles de prórroga. Os referidos informes cubriranse na aplicación informática que se poñerá a disposición dos Departamentos e faranse chegar á Vicerreitoría a través do rexistro electrónico, debidamente asinados. Debe terse en conta que non é necesario solicitar prórroga para o profesorado axudante doutor, dado que os seus contratos xa cobren o período máximo de permanencia nesta figura de profesorado.

Polo que se refire á reposición de prazas de profesorado temporal, cómpre lembrar que, de conformidade co establecido no Regulamento de selección de profesorado non permanente, os contratos de profesorado asociado poden prorrogarse anualmente ata completar cinco anualidades. Por esta razón, os Departamentos deberán achegar, neste apartado, unicamente as solicitudes de reposición correspondentes ás prazas que por calquera circunstancia estean vacantes.

## 3. CAMBIOS DE DEDICACIÓN

En aplicación do réxime de profesorado actualmente vixente, o profesorado funcionario poderá solicitar á Vicerreitoría de Profesorado, dentro do prazo xeral antes indicado, a modificación da súa dedicación. Estas solicitudes poderán ser aceptadas, previo informe do Departamento correspondente, naqueles casos en que as necesidades docentes das áreas e as disponibilidades orzamentarias o permitan, e terán efectos, con carácter xeral, o 1 de setembro de 2022.

## 4. MOBILIDADE INTERCAMPUS

De acordo co establecido no Regulamento para o cambio de adscrición de prazas de profesorado entre os campus da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado no Consello de Goberno de 19 de xuño de 2020, ábrese un prazo ata o 26 de novembro de 2021 para que os Departamentos remitan á Vicerreitoría de Profesorado as solicitudes de cambio de adscrición presentadas polo seu profesorado.

A Vicerreitoría de Profesorado, á vista das solicitudes presentadas, analizará a relación entre capacidade e encargo da área de coñecemento en cada un dos campus e, co informe previo do Departamento correspondente, elaborará unha proposta de resolución que, tras ser negociada na Mesa de PDI e informada pola Comisión de Organización Académica e Profesorado, se someterá á aprobación do Consello de Goberno xunto coa planificación anual do PDI.

De haber máis dunha solicitude de cambio de adscrición que cumpra cos requisitos establecidos no Regulamento para o cambio de adscrición, o procedemento resolverase de acordo o baremo que figura no anexo I do citado Regulamento.

No caso de que por causas sobrevidas sexa preciso revisar a planificación anual en materia de PDI, teranse en consideración unicamente as solicitudes de cambio de adscrición presentadas neste curso académico e dentro do prazo establecido nesta instrucción.

## **5. INTEGRACIÓNS DE CATEDRÁTICOS/AS E PROFESORAS/ES TITULARES DE ESCOLAS UNIVERSITARIAS NO CORPO DE PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE, E DE PROFESORES COLABORADORES FIXOS NA CATEGORÍA DE PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A**

En virtude do previsto legalmente, o profesorado pertencente aos corpos de Catedrático/a de Escola Universitaria e de Profesor/a Titular de Escola Universitaria poderá solicitar a súa integración no corpo de Profesor/a Titular de Universidade cando cumpra os requisitos de acreditación para acceder a este corpo.

Igualmente, e ao abeiro do establecido no artigo 15.4 do Convenio Colectivo do PDI das universidades galegas, o profesorado colaborador con carácter indefinido que posúa o título de doutor e reciba a avaliación positiva para a figura de profesorado contratado doutor por parte da ANECA ou do órgano de avaliación externa previsto na lexislación galega, poderá solicitar o acceso á figura de profesor/a contratado doutor.

## **6. LICENZAS POR PERMISO SABÁTICO**

As solicitudes de licenza por permiso sabático réxense por unha convocatoria específica, realizada ao abeiro da Normativa de concesión de licenzas por sabático, aprobada por Consello de Goberno o 5 de xuño de 2015. A convocatoria farase pública proximamente e poderase consultar na páxina web do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador (<http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/vacacions.html>). O prazo para a presentación de solicitudes de licenza por permiso sabático rematará o día 26 de novembro de 2021.

## **7. PROFESORADO EMÉRITO**

De conformidade co disposto no artigo 7 do Regulamento de Profesorado Emérito da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado por Consello de Goberno do 18 de xullo de 2019, a contratación de profesorado emérito realizarase a través dunha convocatoria específica, que se fará pública proximamente. En calquera caso, co fin de que os Departamentos, que son o órgano a quen corresponde a presentación de solicitudes, poidan realizar as súas previsións, anúnciase que o prazo de presentación de solicitudes rematará o día 26 de novembro de 2021.

## 8. PROFESORADO E PERSOAL INVESTIGADOR *AD HONOREM*

De conformidade co disposto no Regulamento de Profesorado e Persoal Investigador *Ad Honorem* da USC, aprobado por Consello de Goberno de 29 de outubro de 2019, as solicitudes para o nomeamento de profesorado e persoal investigador *ad honorem* rexeranse por unha convocatoria específica, que se fará pública proximamente. En calquera caso, co fin de que os Departamentos poidan facer as súas previsións, comunícase que o prazo de presentación de solicitudes rematará o día 26 de novembro de 2021.

Todas as solicitudes correspondentes a esta instrución deberanse achegar ao Servizo de Planificación de PDI a través do rexistro telemático empregando os formularios establecidos, que están dispoñibles na páxina web do Servizo (<https://www.usc.gal/gl/servizos/profesorado/>)

As actuacións recollidas na presente instrución serán sometidas a negociación cos órganos de representación sindical do PDI e a análise, discusión e aprobación dos órganos de goberno competentes da Universidade, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias para o exercicio de **2022**.

No relativo á política de privacidade e protección de datos da USC, cómpre sinalar que pode consultarse en <http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>

Esta instrución publicarase no Taboleiro electrónico da USC e na páxina web do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador (<http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/Instrucion-Planificacion-PDI.html>).

O vicerreitor de Profesorado  
Ernesto González Seoane

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ERNESTO XOSE GONZALEZ SEOANE, VICERREITOR DE PROFESORADO,  
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/10/2021 11:51:08.

**CSV:** 7477-489C-4B3A-9009